O establecemento dos prazos de edificación, constitúe unha cautela e unha protección do interese público para evitar o o que a xurisprudencia considera como *"licenzas en carteira"* que cun ánimo especulativo podería defraudar a finalidade pretendida pola Administración co acto de outorgamento da licenza.

QUINTO.- Á vista da normativa anteriormente exposta a xurisprudencia do Tribunal Supremo impón respecto as caducidades das licenzas de obra, moderación, cautela e flexibilidade, xa que segundo o Alto Tribunal a caducidade constitúe en si mesma unha figura extintiva dunha situación favorable para o administrado polo que debe ser interpretada restrictivamente xa que a súa declaración material se refire e suxeita a un procedemento administrativo previo que cumpla as garantías exixidas a fin de que o titular da licenza de obra teña coñecemento da intención municipal co obxecto de poder reaccionar e alegar ante a posibilidade de declarar caducada a licenza da que é titular.

O Tribunal Supremo declara respecto a institución da caducidade que:

Non opera de modo automático polo simple transcurso do tempo por requirir un acto formal declarativo, adoptado tras o trámites previos preceptivos.

Para a súa declaración non basta a simple inactividade do titular senón que será preciso unha ponderada valoración dos feitos e circunstancias concurrentes.

· O instituto da caducidade das licenzas de obra debe acollerse con cautela e moderación acorde cos seus fins, e decir con criterio restrictivo e estricto.

· Debe considerarse a inexistencia de causa que xustifique a inactividade ou o transcurso do prazo de execución polo titular da licenza que debe ser revelador dun claro propósito de abandonar ou desistir da intención de finalizar a construción. Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da da





Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

SEXTO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxucio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

SÉTIMO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:





1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.





Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Respecto á alegación presentada polo Sr. Manuel Vidal Suárez en escrito rexistrado de entrada na data 21 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 4.729), en relación á posible caducidade da licenza de obra nº 267/05 concedida ao Sr. Manuel García Sieira pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26 de maio de 2005, modificada pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 6 de outubro de 2011, cómpre sinalar que no acordo de 6 de outubro de 2011 se contemplaba un periodo de validez de 18 meses contado dende o incio das obras.

Ao respecto e para comprobar o estado de execución material da obra, o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 13 de xaneiro de 2017 xirou visita de comprobación a edificación sita en parcela con refª catstral nº 1028510NH0112N0001MS sita no lugar do Paseo de Coroso s/n, Riveira, tras a que emite informe na data 18 de xaneiro de 2017 no que informa “...la obra ha sido ejecutada de acuerdo a las condiciones de licencia nº 267/05 y posterior modificación aprobada por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada en fecha 6 de octubre de 2011, excepto en pequeños cambios de uso de locales y en distribuciones, que no constituyen infracción de la normativa urbanística de aplicación y que se deben de recoger en la Documentación Fin de Obra que refleje dichas variaciones en la tramitación de la licencia de primera ocupación;... se puede informar que desde el punto de vista técnico-constructivo la edificación se encuentra totalmente terminada.”

Pola súa parte o Sr. Manuel García Sieira entrada na data 24 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 4.982), presenta solicitude de licenza de primeira ocupación sen aportar a documentación exixida pola normativa urbanística vixente, polo que o expediente dende o punto de vista administrativo-técnico-xurídico non se atopa concluso, máxime porque o propio arquitecto técnico municipal indica que na edificación existen “...pequeños cambios de uso de locales y en distribuciones”, que deberán ser legalizados na Documentación de Fin de obra, é que a dta da emisión do presente informe non se presentaron no Concello de Riveira.

SEGUNDA.- Respecto á alegación presentada polo Sr. Manuel Vidal Suárez en escrito rexistrado de entrada na data 11 de abril de 2017, (Rexistro de entrada nº 6.018), que expón que “...Que el proyecto presentado por D. Manuel García Sieira el 3 de mayo de 2011, modificado el 9 de agosto de 2011, no se ajusta en varios extremos a la normativa del PGOM de Riveira ni al régimen legal de aplicación a las obras de edificación; 2º.- Que la licencia de obras concedida el de octubre de 2011, al validar el anterior proyecto, es nula de pleno derecho; 3º.- Que las obras ejecutadas no se ajustan a la licencia de obras, y este desajuste supone nuevos incumplimientos de la normativa del PGOM.;4º.- Que la legalización del edificio pasará la demolición y reconstrucción de más de la mitad de su volumen.”, cómpre ter en conta que ditos extremos xa foron xuzgados e obxecto de análise e desestimados na súa integridade na Sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de





Galicia pola que se estima o Recurso de Apelación nº 4105/15 no Procedimento de Orixe P.O. 251/12.

En relación ao anterior o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 2 de agosto de 2017 fai constar que:

“
(...)

SEGUNDO:

Sin perjuicio de lo expuesto sobre la caducidad de la licencia, que no es objeto de este informe, debo informar que las fotografías sobre exterior e interior de la edificación están incluidas en el último informe técnico. No obstante reproduzco dicha memoria fotográfica en el presente informe. Asimismo considero acreditadas las condiciones de licencia que han sido denunciadas ya que han sido tratadas exhaustivamente a lo largo de numerosos y detallados informes técnicos de los que di cuenta en el apartado “antecedentes” del presente, a pesar de que buena parte han sido resueltas judicialmente con anterioridad a las reiteradas alegaciones presentadas, por lo que actualmente las obvio en aras de realizar mi trabajo basándome en el principio de economía y eficiencia que debe regir la actuación del empleado público tal como se exige en el código de conducta del empleado público que establece el apartado k) del art. 74 de la Ley 2/2015 de Empleo Público de Galicia, siendo la eficiencia la capacidad de lograr el objetivo en cuestión con el mínimo de recursos posibles o en el menor tiempo posible, todo ello a pesar de la insistencia del solicitante. En este sentido, en el expediente constan los informes técnicos que acreditan el desempeño con diligencia, eficacia y eficiencia de las tareas propias de mi competencia en todo lo relativo a este expediente dentro de los recursos disponibles.

TERCERO:

Se mantienen las conclusiones emitidas en el último informe técnico de fecha 18 de enero de 2017 tal como resumo a continuación : “En respuesta a las denuncias de D. MANUEL VIDAL SUAREZ se comprobó en fecha 13 de enero de 2017 a las 10:30 horas que respecto a los puntos denunciados la obra había sido ejecutada de acuerdo a condiciones de licencia y posteriores modificaciones excepto en algunos cambios de uso de locales y cambios en distribuciones, propios de cualquier obra de construcción y sin infracción flagrante de la normativa de aplicación. No obstante, para la legalización de los cambios se exige la presentación por parte del Promotor de la documentación que refleje dichas variaciones.”

(...)

ACORDO

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, vista a Sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se estima o Recurso de Apelación nº 4105/15 no Procedimento de Orixe P.O. 251/12 visto os informes técnicos de data 18 de xaneiro de 2017 e 2 de agosto de 2017 emitidos polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar visita de comprobación na data 13 de xaneiro de 2017, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral de Urbanismo José Martínez de Llano Orosa na data 2 de agosto de 2017, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local en base ás motivacións anteriormente expostas, por unanimidade dos presentes acorda, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- DECLARAR A CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 267/05 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26 de maio de 2005, modificada pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 6 de outubro de 2011, ao Sr. Manuel García Sieira, para construción de vivenda unifamiliar de planta sótano, planta baixa, planta primeira, e planta baixocuberta, en parcela con refª catstral nº 1028510NH0112N0001MS sita no lugar do Paseo de Coroso s/n, Riveira, ao transcurrir máis de tres anos desde o outorgamento da modificación pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 6 de outubro de 2011, ao transcurrir máis de tres anos dende o seu outorgamento sen que se o Sr. Manuel García Sieira teña presentado esolicitado a data da emisión do presente acordo, a licenza de primeira ocupación coas modificacións no que respecta aos cambios de usos de locais e de distribucións coa presentación da documentación exixida pola normativa urbanística vixente.

SEGUNDO.- INCOAR EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN RELACIÓN AOS CAMBIOS DE USO DE LOCAIS E CAMBIO EN DISTRIBUCIÓN non contemplados na licenza de obra nº 267/05 concedida ao Sr. Manuel García Sieira pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26 de maio de 2005, modificada pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 6 de outubro de 2011, co obxecto de determinar a compatibilidade ou non das actuacións e correccións que se podan executar co ordenamento urbanístico vixente e adoptar algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza o no se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persona interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxucio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.





TERCEIRO.- NOTIFICAR aos interesados isto é o Sr.Manuel García Sieira e o Sr. Manuel Vidal Suárez que, contra o acordo de caducidade da licenza de obra, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado desde o día seguinte a esta notificación, e que se entenderá desestimado de non recaer resolución expresa no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa presentación ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte a esta notificación ou, no caso de interposición do potestativo recurso de reposición, desde o día seguinte ó da resolución expresa do mesmo. Si a resolución do recurso de reposición non fora expresa senón tácita, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Todo iso, sen prexuízo de que interpoña calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Contra o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún, podendo os interesados unicamente, segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, alegar a súa oposición ó mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **María Arnos Vilar**, de data 27/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.666), no que solicita certificación urbanística de titularidade de muro situado en Ameixida, nº 27.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 31/07/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A01900415 (Polígono 19, parcela 415)

Realizada visita de comprobación e examinado o inventario de bens municipais se pode acreditar que o muro da finca indicada non figura no dito inventario, polo tanto non é de titularidade municipal.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia da Sra. Belén Vázquez Lema mediante escrito presentado na data 16 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº





10.387), no que solicita licenza de segregación de finca, en parte urbana con refª catastral nº 15074A0460004000001LR é parte rústica con refª catastral nº 15074A046000400000KE, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/06/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 21/07/2017, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER á Sra. María Belén Vázquez Lema a **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº 4/17) DE FINCA** en parte urbana con refª catastral nº 15074A0460004000001LR é en parte rústica con refª catastral nº 15074A046000400000KE, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Fincas de xuño de 2017 redactado polo Sr. Xerardo Santiago Tarrío Calvo (enxeñeiro técnico agrícola col. nº 1.395), resultando finalmente dous fincas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Propiedade da Sra. María Belén Vázquez Lema, finca urbana con refª catastral nº 15074A0460004000001LR e finca rústica con refª catastral nº 15074A046000400000KE que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 3.067,00 m², segundo os datos do catastro cunha superficie de 2.749,00 m² e de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie é de 2.0824,00 m² cun defecto de cabida de 243,00 m², os cales poden ser froito, como ben apunta o autor do proxecto de segregación, ás distintas cesións realizadas con anterioridade para a execución dos peches con fronte a viario público. A superficie reflectada no presente informe é a contemplada no Proxecto, isto é superficie de 2.824,00 m² dos que 1.487 m² se corresponden coa clasificación de solo de núcleo rural, e os restantes 1.337 m² coa clasificación de solo rústico de protección ordinaria.
- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **FINCA A** cunha superficie de parcela bruta de 844,00 m² que linda: Norte vía pública; Sur finca B resultante da segregación; Este vía pública; Oeste finca B resultante da segregación. Superficie de cesión: 69,00 m².
- **FINCA B** cunha superficie de parcela bruta de 1.980,00 m² que linda: Norte en parte vía pública, é en parte finca A resultante da segregación; Sur con outra propiedade Sra. María de Caselas; Este en parte finca A resultante da segregación, é en parte vía pública; Oeste con outra propiedade Sra. Carmen de Barroso. Superficie de cesión: 64,00 m².
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende





unha superficie total de cesión de 133,00 m², resultando na franxa sita na Parcela A unha superficie de cesión de 69,00 m², e no lindeiro da Parcela B unha superficie de cesión de 64,00 m².

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, e o artigo 29 do Real Decreto 29 1093/1997 de 4 de xullo polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da lei hipotecaria sobre inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**, especificando que a situación das edificacións sitas no terreo obxecto da cesión a dominio público afectados por aliñación equipáranse ás reguladas no artigo 89 da LSG co título de usos e obras provisionais, que establece que malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e **terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente**, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial. **Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.** As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.

Terceiro.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 133,00 m², que comprende:

- **Finca A** unha superficie de cesión de 69,00 m².
- **Finca B** unha superficie de cesión de 64,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Cuarto.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:





- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a notificación remitida polo **Centro de Tratamiento de Denuncias Automatizadas – Ministerio del Interior**, de data 24/07/2017, rexistrado de entrada en data 01/08/2017 co nº 12.855, no que comunica unha infracción do art. 52.1 do Regulamento General de Circulación (Expediente nº 15-045-703.214-2) do vehículo municipal con matrícula 7115 GNJ, por circular a velocidade superior á legalmente establecida en vía AC-550 P. Km 105.8, sentido: D; e no que solicita sexa identificado o condutor do vehículo no momento de cometerse a infracción.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao Centro de Tratamiento de Denuncias Automatizadas – Ministerio del Interior que non é posible identificar ao condutor do citado vehículo no momento de cometerse a citada infracción debido a que son varios os usuarios do vehículo municipal con matrícula 7115 GNJ

2.- Visto o escrito presentado por **Laura García Lojo**, de data 20/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.502), no que solicita a instalación dun espello vial no cruce das rúas Listres e Andrés Pérez Queiruga (Aguíño)





A Xunta de Goberno Local, visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/07/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a solicitude presentada por Laura García Lojo para a instalación dun espello vial no cruce das rúas Listres e Andrés Pérez Queiruga (Aguíño), en base ao sinalado no citado informe policial:

“Inspeccionado el cruce donde pide la interesada que se coloque espejo vial, esto es en la calle Listres en su intersección con la calle Andrés Torres Queiruga, el que suscribe lo considera innecesario porque hay muy buena visibilidad, incluso en el supuesto de que haya “vehículos estacionados en ambos lados”, si con ello no infringen gravemente la normativa sobre tráfico”

3.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 27/07/2017, no que solicita autorización para a celebración da “Feira Viamare Stock, feira de oportunidades”, organizada e solicitada pola Asociación de Empresarios de Riveira, do 12 ao 14/08/2017 e, en consecuencia, realizar as xestións oportunas para facilitar a execución deste proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a celebración da “Feira Viamare Stock, feira de oportunidades”, organizada e solicitada pola Asociación de Empresarios de Riveira, do 12 ao 14/08/2017, na zona do Malecón de Riveira, así como realizar as xestións oportunas para facilitar a execución deste proxecto sinaladas na coitada proposta.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 3 de agosto de 2017

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

